



Boletín Informativo

INSTRUCCIÓN SOBRE A CONSTITUCIÓN DO OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA

Díctanse instrucións para a aplicación do Decreto 85/2007, do 12 de abril, sobre a constitución do Observatorio da Convivencia Escolar no Centro. Re-

collen as funcións, composición e proceso constitutivo deste órgano en cada centro educativo, así como indicacións para a elaboración e implementación do

Plan de Convivencia do Centro.

[Máis información](#)

XORNADA SOBRE O PLAN TIC NOS CENTROS EDUCATIVOS

Por mor da publicación e entrada en vigor dos novos currículos de educación primaria e educación secundaria obrigatoria, todos os centros deben elaborar un plan para a integración das tecnoloxías da información e da comunicación coa finalidade de que, nesta incorporación ao proceso de ensino-aprendizaxe, as TIC se entendan, se integren e se usen como

un recurso máis, e que lle permitan ao noso alumnado a adquisición de coñecementos e habilidades para o seu uso en contornos de aprendizaxe e na súa vida cotiá (familia, lecer..). En definitiva, preténdese que alcancen unha competencia dixital. **Os obxectivos desta xornada son:** 1. Divulgar experiencias educativas relacionadas coa posta en mar-

cha do plan TIC nos centros educativos 2. Formar persoas responsables da coordinación dos plans TIC nos centros educativos. 3. Dar a coñecer recursos a disposición da comunidade educativa a través da rede.

[Programa provisional](#)

[Inscripción](#), referencia da actividade: X0702032

RESOLUCIÓN DOS PREMIOS A PROXECTOS DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Resultos os premios a proxectos de innovación en normalización lingüística para centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para desenvolver no curso 2007-2008. A Secretaría Xeral de Política

Lingüística e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, entidades convocantes, felicitan os gañadores e agradecen o esforzo de todos os participantes, que se reflicte na calidade dos traballos pre-

sentados na presente edición.

[Acceso á resolución DOG nº 204 do 22 de outubro de 2007.](#)

ESCOLAS VIAXEIRAS DURANTE O ANO 2008

No [DOG nº 205](#) do martes 23 de outubro sae publicada a Orde do 1 de outubro de 2007 pola que se convocan axudas para a realización de escolas viaxeiras durante o ano 2008: 540

axudas (36 grupos) destinadas a alumnos que no momento de formularen a solicitude estean cursando 4º, 5º e 6º de educación primaria en centros de réxime xeral da Comunida-

de Autónoma de Galicia. As viaxes levaranse a cabo en dúas quendas: a primeira entre o 25 de marzo e o 16 de xuño e a segunda entre o 28 de setembro e o 1 de decembro de 2008.

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: boletin@edu.xunta.es

Contido:

Instrucións sobre a cons- 1
titución do Observatorio


Xornada sobre o Plan TIC 1
nos centros educativos

Resolución dos premios 1
a proxectos de innova-
ción en normalización
lingüística

Escolas viaxeiras durante 1
o ano 2008

Programa ConCiencia. 2
Conferencia de Perter D.
Lax



I Congreso Internacional 2
de estudos da Infancia



PROGRAMA ConCiencia. CONFERENCIA DE PETER D. LAX

Dentro do programa ConCiencia promovido pola USC e o Consocio de Santiago, celebrárase no Centro Galego de Arte Contemporánea, ás 20:00 horas do martes 30 de outubro, a conferencia do Premio Abel 2005, Peter D. Lax (universidade de New York, EEUU), *A vida e época de John von Neumann* (con tradución simultánea).

[Máis información](#)



I CONGRESO INTERNACIONAL DE ESTUDOS DA INFANCIA

O I Congreso Internacional de Estudos da Infancia pretende reunir a profesionais que traballan con nenos, investigadores e outras persoas interesadas nas cuestións relativas á infancia para debater o estado actual do coñecemento sobre a condición da nenez. Celebrárase os días 2, 3, e 4 de febreiro de 2008. A inscrición poderá facerse ata o 30 de novembro.

[Máis información](#)

